

MESA DELEGADA FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Hoxe día 15 celebrouse o pleno da Mesa delegada do Ministerio de traballo e economía social e os seus organismos autónomos onde se trataron os seguintes puntos da orde do día a proposta da CIG:

Traballo a distancia →

Os datos son os seguintes:

Solicitudes traballo a distancia	Número	Porcentaxe
Autorizadas	294	100%
Denegadas	0	0%
Total	294	100%

Modalidade de Prestación do Servizo	Número	Porcentaxe
Presenza física 2 días	195	51,86%
Presenza física 3 días	85	22,61%
Presenza física 4 días *	14	3,72%
Presenza física 5 días	82	21,81%
Total	376	100%

(*) Autorizada con carácter excepcional, de acordo co apartado 3.1 do Plan, para asegurar a atención presencial de cita previa e asistencia a xuízos.

Oferta de emprego público e provisión de postos →

- Concurso xeral con postos de traballo de nivel 14 a 22: convocado por Resolución do 4 de xuño de 2026 da Subsecretaría (BOE do 12 de xuño). Incluíronse 38 postos de traballo máis 1 a resultas. Está previsto resolverse no mes de outubro.
- Está previsto que en 2026 convóquese un concurso específico con postos de traballo de nivel 26 a 28 en canto se aprobe a proposta de modificación da RPT tramitada ante a Dirección Xeral da Función Pública.

Desde CIG preguntamos se o Fondo ten algún prazo temporal onde contemple convocar o concurso específico se tarda a aprobación ou non de Función pública, contéstanos o Secretario Xeral que tan pronto teñan resposta de Función pública, sexa esta positivo ou non, convocaran o concurso, non antes.

MESA DELEGADA FONDO DE GARANTÍA SALARIAL

Prevención de riscos laborais→

Formación:

Programouse unha formación en liña para todo o persoal do Organismo sobre “Prevención e sensibilización en materia de violencia e acoso laboral”, “Primeiros auxilios”, “Pantallas de visualización no teletraballo” e “Escola das Costas”. A duración destas accións formativas é de dúas horas, sendo a data de inicio o 5 de maio de 2026 e a data de finalización o 16 de decembro de 2026.

Recoñecementos médicos:

Informouse a todo o persoal para a súa realización durante setembro - outubro de 2026.

Os resultados da avaliación de riscos psicosociais están publicados na intranet do organismo e vanse dando explicacións nos Comités de Seguridade e Saúde que se convocan nas distintas provincias.

O Fondo vai proceder á prórroga do contrato con Quirón.

Modificación da RPT→

Está a levar as xestións da modificación da RPT directamente a Subsecretaría e nestes momentos está a esperarse polo informe da SG de Custos de persoal, unha vez máis chocaremos coa lentitude de Función pública.

Comentamos en anteriores reunións que, podíamos compartir que a solución tomada de partir a nova RPT en dúas e mandala por separado, era a solución menos mala, visto o tempo pasado e o comportamento pasivo que vén mostrando Función pública en todo o relativo á negociación colectiva fai que nos reformulemos se esta foi a mellor solución.

Comparecencias telemáticas aos xuízos→

Desde CIG volvemos a interesarnos por este tema e agora o Secretario xeral é algo máis explícito e informa que están a impulsar o tema e facendo as xestións para coñecer cal é o órgano concreto dentro do CGPJ a quen dirixirse neste tema.

É máis complicado do que parece posto que é unha decisión individual de cada praza xudicial e pódese dar a circunstancia que o xulgado número 1 da Coruña autorízaa e o xulgado número 2 denega a posibilidade.

Produtividade→

Desde CIG solicitamos unha reunión monográfica deste tema para coñecer con detalle os datos, como se atopa e se hai posibilidades de mellora do sistema.

Galicia, 15 de setembro de 2026.